

BOLETÍN

UVIGO/HUMANA

19

O BOLETÍN

UVIGO/HUMANA

BENVIDOS/AS

Con este novo boletín queremos dar a coñecer á comunidade universitaria as actividades de acción solidaria, voluntaria e de cooperación no marco da Axenda 2030 organizadas pola Universidade de Vigo, así como aquelas impulsadas por outras administracións, entidades sociais e ONGD da nosa contorna.

Se es membro da comunidade universitaria ou pertences a unha ONGD ou entidade social e queres dar a coñecer entre a comunidade universitaria a túa iniciativa de acción solidaria, contáctanos en:

Área de Equidade e Diversidade.

[+ Info direc.equidade@uvigo.gal](mailto:direc.equidade@uvigo.gal)

A UNIVERSIDADE E A AXENDA 2030 DAS NACIÓNS UNIDAS

A Universidade, na súa calidade de axente de cambio social e desenvolvemento, está adherida ao Pacto Mundial das Nacións Unidas. Entre outras cousas, isto significa que ten a responsabilidade de poñer en contacto á comunidade universitaria con diversas entidades sociais baixo os principios e obxectivos recollidos na Axenda 2030. En consecuencia, a política de responsabilidade social da Universidade debe estar orientada cara a consecución dos 17 obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS), coa fin de xerar condicións que contribúan a acadar un mundo máis xusto, igualitario, solidario e sostible.

[+Info](#)

AXENDA

XUÑO

Pór en valor a diversidade

L	M	MÉ	X	V	S	D
					1	2
3	4	5 Día Mundial do Medio Ambiente	6	7	8 Día Mundial dos Océanos	9
10	11	12 Día Mundial contra o Traballo Infantil	13	14 Día Mundial do Donante de Sangue (OMS)	15	16
17 Día Mundial de Loita contra a Desertificación	18	19	20 Día Mundial dos Refuxiados	21	22	23
24 Día Internacional das Mulleres na Diplomacia	25	26 Día Internacional en Apoio das Vítimas da Tortura	27	28 Día Internacional do Orgullo LGTBIQ+	29	30

CHAVES DESTE NÚMERO

IV Encontro da Rede de Universidades pola diversidade

A Rede de Universidades pola Diversidade (RUD) é un órgano de representación do conxunto de universidades españolas en materia de diversidade sexual e de xénero (orientación sexual, diversidade corporal, afectiva, identidade de xénero e expresión de xénero) e diversidade por procedencia, cultura, crenza e afíns. Desta volta, xuntáronse en Vigo o 9 e o 10 de maio no edificio Redeiras. Participaron 30 representantes de 27 universidades de todo o Estado: responsables de unidades de igualdade e de oficinas de atención á diversidade, vicerreitores, delegados do reitor, coordinadores de responsabilidade social, docentes, investigadores e técnicos. O obxectivo de todas e todos eles foi traballar conxuntamente, tendo en conta os marcos legislativos de aplicación en cada comunidade autónoma, e chegar a acordos para xerar políticas e accións comúns que permitan garantir a igualdade entre membros da comunidade universitaria. Ademais, tamén tiveron lugar diversos grupos de traballo das comisións de comunicación, sensibilización, loxística e relacións institucionais e debatéronse contidos relacionados coa lexislación estatal en materia de inclusión e diversidade e a súa aplicación nas universidades, así como a adaptación destas normativas ás realidades de cada unha das comunidades autónomas.



EVENTOS

Celebracións do Orgullo LGTBIQ+ en Vigo. Neste mes do orgullo organízanse múltiples actividades para reivindicar os dereitos do colectivo LGTBIQ+, así como para celebrar e crear espazos seguros e diversos. As entidades organizadoras son Avante LGBT+ Vigo e Nós Mesmas xunto a Asociación Co-dimo do Morrazo, Grupo Biguesas, Amnistía Internacional Vigo, Artika Cultura e Arte, Vacaburra, Multicines Norte, La Pecca e DeFrente LGTBI. A axenda para este mes de xuño inclúe coloquios, pasarrúas, obradoiros, a manifestación do día 29 e moito máis.

[+Info](#)



I Encontro da sociedade civil galega. A Coordinadora Galega de ONG para o Desenvolvemento convoca unha xuntanza presencial coa fin de elaborar un documento base coas súas principais reivindicacións. Ese documento servirá como ferramenta para aumentar a incidencia social e política, para trazar unha folla de ruta común ou para esixir ao goberno e administracións coherencia no desenvolvemento das políticas públicas. Nas mesas de traballo que se prevén para o evento, este 15 de xuño en Santiago, participarán persoas das organizacións integrantes da Coordinadora Galega de ONGD. [+Info](#)



FORMACIÓN

Curso de AGACA sobre certificacións de calidade e medioambientais. A Asociación Galega de Cooperativas Agroalimentarias (AGACA) organiza a teleformación «La economía social y la modernización del sector agroalimentario: certificaciones de calidad y medioambientales». Trátase dun curso a distancia e gratuíto, que pretende educar sobre a calidade alimentaria, a conservación do medio ambiente e facer divulgación do papel do cooperativismo. O tempo estimado para completar a formación é de 70 horas, que deben ser cursadas entre o 3 de xuño e o 14 de xullo de 2024. As inscricións permanecen abertas. [+Info](#)

Roteiro de Loitas Sociais, Políticas e Históricas. A cooperativa Aventureira, no seu labor de impulso dos ODS na educación non formal, organiza un roteiro fronte aos discursos de odio este verán. Está dirixido a persoas mozas de entre 18 e 29 anos, que percorreren localizacións de Galicia, Castela e León e Asturias onde loitas populares presentes ou pasadas contribuíron, ou contribúen, a desmontar discursos de odio e buscar un mundo máis xusto para todas as persoas e para o medio ambiente. O roteiro terá lugar entre o sábado 17 de agosto e o luns 26 de agosto, inclusive. As actividades centraranse en informar sobre a loita arredor da construción do encoro de Castrelo de Miño, coñecer os movementos de resistencia contra a instalación de macroeólicos en Pena Trevinca e desfrutar da música do Festival Agrocuir, entre outras moitas máis experiencias. As inscricións permanecen abertas ata o 3 de xuño. [+Info](#)



Cursos de formación sobre a prevención da violencia de xénero. A Universidade de Vigo convoca dous cursos formativos especializados en prevención de violencia de xénero: «A universidade, espazo libre de violencias machistas» e «E ti, sabes como actuar fronte ao acoso sexual e ao acoso por razón de sexo?». Impartirase en liña pero tamén haberá algunha sesión presencial, destinada a toda a comunidade universitaria da UVigo (PDI, PTXAS e estudantado). Oférense dúas sesións en xuño, unha en xullo, e dúas en setembro, outubro e novembro. [+Info](#)

CURSOS DE FORMACIÓN:

E ti, sabes como actuar fronte ao acoso sexual e ao acoso por razón de sexo?

A universidade, espazo libre de violencias machistas?

Docencia en liña sincrónica e algunha sesión presencial
Formación especializada dirixida a toda a comunidade universitaria da UVigo (PDI, PTXAS e estudantado)

Inscripcións a través de Bubela
Máis información en: igualdade@uvigo.gal

CONVOCATORIAS

Convocatoria de bolsas de formación para persoas expertas en cooperación internacional para o desenvolvemento. A Xunta de Galicia convoca estas bolsas de formación no eido da cooperación internacional para apoiar a formación de persoas expertas en cooperación para o desenvolvemento, coa finalidade de complementar a formación académica das persoas tituladas universitarias con estadías na sede da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea ou nas oficinas da cooperación española (OCE) dependentes da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento. Os requisitos para poder optar a estas bolsas son, entre outros, estar en posesión dun título universitario do ano 2015 ou posterior e non ter sido con anterioridade persoa beneficiaria dunha bolsa de formación no eido da

cooperación internacional. Desenvolveranse durante un máximo de 12 meses entre 2024 e 2025. O prazo de presentación de solicitudes remata o 10 de xuño. [+Info](#)

Premio de Literatura Infantil Simbad para o Recordo e o Alzhéimer. A Asociación Agadea Alzheimer convoca o III Premio de Literatura Infantil Simbad para o Recordo e a Alzheimer, destinado a concienciar a sociedade sobre a enfermidade de Alzheimer e outras doenzas semellantes. As obras que se presenten deben estar en galego e versar sobre o alzhéimer e outras

doenzas próximas de deterioración cognitiva, así como aspectos relacionados (invisibilización e a estigmatización deste colectivo, a importancia da figura do/a coidador/a, a necesidade de xerar de afecto e empatía da sociedade, a necesidade da relación nenos e maiores, etc.). Poden tratarse de obras de

calquera dos xéneros seguintes: novela, poesía, teatro, álbum ilustrado ou novela gráfica. O prazo de presentación de orixinais estará aberto ata o 1 de xullo. A resolución do xurado farase pública en setembro, mes do alzhéimer.



VOLUNTARIADO

Axudas para a realización de actividades do Corpo Europeo de Solidariedade. O Corpo Europeo de Solidariedade (CES) é unha iniciativa da Unión Europea que ofrece oportunidades para que a mocidade de entre 18 e 30 anos leve a cabo servizos de voluntariado ou participen en proxectos no sector da solidariedade no seu propio país, noutro país da Unión Europea ou fóra dela. O Instituto de la Juventud, INJUVE, convoca estas subvencións para incentivar a participación da mocidade e das organizacións en actividades de solidariedade e, deste xeito, reforzar a cohesión, a solidariedade, a democracia e a cidadanía en Europa. O prazo de presentación das solicitudes remata o 1 de outubro de 2024 para proxectos que comecen entre o 1 de xaneiro e o 31 de maio do ano seguinte. [+Info](#)

Campus de voluntariado en Galicia. Se es mozo/a e tes entre 18 e 30 anos de idade, podes participar nos campos de voluntariado repartidos polo territorio galego este verán. A Xunta oferta este programa de voluntariado con múltiples destinos e temáticas: ambiental, social, arqueolóxica, patrimonial, dinami-
zadora, etc. As prazas son limitadas, podes acceder á información completa [nesta ligazón](#).



PUBLICACIONES

Informe anual 2023/2024 de Amnistía Internacional sobre a situación dos dereitos humanos no mundo. Accede ao informe completo [aquí](#).

"De la pobreza energética a la resiliencia energética. Incluyendo la mirada Local-Global junto con la comunidad de Santa Marta (El Salvador)", de Ingeniería sin Fronteras. Accede ao documento completo [aquí](#).

Informe de porCausa de "Externalización. Caos, corrupción y control migratorio bajo la apariencia de cooperación europea". Accede ao informe completo [aquí](#).

NOVAS DO DUVI

A UVigo participa na conferencia anual da European University Association que se centra na integridade en tempos de cambio [+Info](#)

Representantes de universidades de toda Europa e norte de África achéganse á UVigo na súa Semana Internacional [+Info](#)

Os cursos de verán do campus de Vigo chegarán cargados de ideas frescas [+Info](#)

As universidades españolas reafirman en Vigo o seu compromiso coa diversidade cultural, sexual e de xénero [+Info](#)

A UVigo busca unha nova remesa de 'artistas emerxentes' [+Info](#)

O Seminario de Loxística celebra trinta edicións analizando os retos da cadea de subministro [+Info](#)

COÑECE ÁS ENTIDADES SOCIAIS DA NOSA CONTORNA



Amnistía Internacional foi fundada en 1961 polo avogado británico Peter Benenson, inspirado no caso duns estudantes portugueses encarcerados por loitar pola liberdade no seu país. Desde a súa fundación, Amnistía Internacional traballa para emprender accións por un mundo mellor. O seu Secretariado Internacional, cunha oficina central en Londres e oficinas rexionais en distintas cidades de África, América Latina, Asia, Europa e Oriente Medio, coordina gran parte do traballo de investigación que realiza a entidade, sacando á luz abusos aos dereitos humanos en diferentes países, e deseña as campañas e as accións prioritarias globais.

Ao longo da súa historia, a entidade fíxose eco logrando fitos na loita polos dereitos humanos. O século pasado, condenou réximes ditatoriais, batallou contra a pena de morte e gañou un Premio Nobel da Paz polas súas accións. Na actualidade, segue a velar pola xustiza internacional e intervéñen en procesos discriminatorios a nivel mundial. Coa súa redacción de informes anuais sobre a situación dos dereitos humanos, fai eco da necesidade dunha igualdade real e asegurada.

En España, fixo presión por que se aprobase a lei que regula o comercio de armas, a universalización do dereito á saúde, etc. En canto a Galicia, tamén leva a cabo accións a nivel local organizando exposicións e manifestacións, sensibilizando na educación, e demais. En colaboración coa Universidade de Vigo, promoven a participación da comunidade universitaria no seu programa de voluntariado. A través deste apoio, procúrase que as preocupacións de Amnistía Internacional sobre dereitos humanos se fagan oír e estean presentes no eido político galego. As relacións institucionais van máis alá, organizando charlas e exposicións en colaboración entre organismos.

RECURSOS EN LIÑA

Publicacións en liña en materia de cooperación e desenvolvemento en Galicia (Coordinadora Galega de ONGD) [+Info](#)

Catálogo de publicacións de Cooperación Española [+Info](#)

Outros catálogos en materia de cooperación e desenvolvemento (Cooperación Española) [+Info](#)

Publicacións de Enxeñería Sen Fronteiras [+Info](#)